



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 2a / DP

Agricultor activo

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común (título 1, artigo 9).
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandaría e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (título II, capítulo I, art. 8 ao 11).

DEFINICIÓNS

Agricultor: toda persoa física ou xurídica cuxa explotación estea situada en España e que exerza unha actividade agraria.

Explotación: todas as unidades de produción utilizadas por un/unha agricultor/a e situadas no territorio de España.

Titular de explotación: a persoa física ou xurídica que asume o risco empresarial derivado da actividade agraria e desenvolve na explotación esa actividade agraria.

Actividade agraria:

- A produción, a cría ou o cultivo de produtos agrarios, con inclusión da colleita, da muxidura, da cría de animais e do mantemento de animais para efectos agrícolas.
- O mantemento dunha superficie agraria nun estado adecuado para pasto ou cultivo sen ningunha acción preparatoria que vaia máis alá dos métodos e da maquinaria agrícola habituais.

Superficie agraria: calquera superficie dedicada a terras de cultivo, pastos permanentes ou cultivos permanentes.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 3)

NORMAS XERAIS

Só se lles aboarán pagamentos directos ás persoas físicas ou xurídicas que cumpran a condición de agricultor/a activo/a.

Non se concederán pagamentos directos a certas persoas xurídicas, ou grupos de persoas xurídicas, como é o caso de aeroportos, servizos ferroviarios, instalacións de abastecemento de auga, servizos inmobiliarios e instalacións deportivas e recreativas permanentes.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 8)

REQUISITOS XERAIS PARA CUMPRIR A CONDICIÓ DE AGRICULTOR/A ACTIVO/A

Ingresos procedentes de pagamentos directos	Máximo dun 80 % do total de ingresos agrarios.
Outros ingresos agrarios	Mínimo dun 20 % do total de ingresos agrarios.



Excepción á comprobación de ingresos	Agricultores que no ano anterior recibiran pagamentos directos por un importe igual ou inferior a 1.250 €.
Inscrición en rexistros de explotacións	Obrigatorio sen excepcións.
Actividade agraria	Ten que existir e ser xustificable.

CARACTERÍSTICAS

Para a determinación de agricultor/a activo/a comprobaranse os ingresos agrarios e a inscrición en rexistros. Os requisitos exixidos son:

- Ingresos agrarios:

Será considerado como agricultor/a activo/a aquel cuxos ingresos agrarios, distintos dos pagamentos directos, son iguais ou superiores ao 20 % dos seus ingresos agrarios totais no período impositivo dispoñible máis recente ou nalgún dos períodos impositivos inmediatamente anteriores. Se o solicitante non cumpre o requisito de ingresos no período impositivo dispoñible máis recente, poderanse ter en conta os ingresos agrarios dalgún dos dous períodos impositivos inmediatamente anteriores, e se tampouco cumpre o requisito de ingresos, será considerado como unha situación de risco para efectos de control.

No caso de agricultores que se incorporen por primeira vez á actividade agraria, o requisito de ingresos deberá ser acreditado como moi tarde no segundo período impositivo seguinte ao da solicitude.

No caso de agricultores que no ano anterior recibiran pagamentos directos por un importe igual ou inferior a 1.250 €, non se lles exixirá que cumpran os requisitos de agricultor/a activo/a.

Se o/a agricultor/a non presentase solicitude de pagamentos directos no ano anterior, o importe anual de pagamentos directos calcularase multiplicando o número de hectáreas elixibles no ano da solicitude polo valor medio nacional dos pagamentos directos por hectáreas para o ano anterior ao da solicitude.

- Inscrición en rexistros:

Será obrigatoria con carácter xeral, tanto para a primeira asignación de dereitos de pagamento básico como para a súa activación anual, a inscrición nos rexistros que as autoridades competentes teñan dispostos.

Se o/a solicitante declara superficie de pastos permanentes sobre os cales pretende recibir unha asignación de dereitos de pagamento, para ser considerado/a agricultor/a activo/a deberá estar inscrito/a como titular principal dunha explotación activa no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega).

A autoridade competente analizará as altas de explotacións gandeiras no Rexistro de Explotacións Gandeiras (Rega) no ano 2014 ou 2015, sen dispor del en 2013, para efectos de descartar que se creasen condicións artificiais para recibir unha asignación de dereitos de pagamento básico contraria á regulamentación.

Real decreto 1075/2014 de pagamentos directos (art. 8 e 9)